

	IES de Mugardos. Departamento de GALEGO		ESO 1.º ESO 2021 - 2022
	MATERIA	Lingua Galega e Literatura	
PROFESOR/A	Serafín Álvarez Rodríguez		

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

Comunicación oral Comunicación escrita	A comunicación humana. Elementos Destezas lingüísticas orais (escoitar e falar) e escritas (ler e escribir). Modalidades do enunciado Rexistros lingüísticos.
Funcionamento da lingua ORTOGRAFÍA Letras e acentos	Alfabeto galego. Dígrafos. Orde alfabética. Sílabas tónica. Regras xerais de acentuación. Ditongos, tritongos e hiatos; diérese.
Funcionamento da lingua. GRAMÁTICA Clases de palabras.	A palabra. Clases de palabras variables e invariables. Substantivo e artigo. Concordancia. Xénero e número.
Lingua e sociedade	Lingua, linguaxes e diversidade. Patrimonio lingüístico mundial. Familia indoeuropea. Linguas de Europa. Linguas románicas.
Funcionamento da lingua. LÉXICO	- O corpo humano. - A vestimenta. - O parentesco..
Educación literaria.	Linguaxe literaria: a arte da palabra. Creación: caligrama e graffiti.
Comunicación escrita	A carta: correo electrónico.
Comunicación oral	Presentación persoal. Saúdos e despedidas.
Funcionamento da lingua. LÉXICO	O dicionario. uso de dicionarios dixitais. Palabras monosémicas e polisémicas. Sinónimos e antónimos
PROXECTO	Textos para un graffiti

2.ª AVALIACIÓN

Comunicación oral	Que tempo vai? Cando ocorreu?
Comunicación escrita	Textos descritivos.
Funcionamento da lingua GRAMÁTICA Clases de palabras	O adxectivo: - Cualificativo. Graos do adx.. - Determinativo. Demostrativos e posesivos. Numerais e indefinidos.
Funcionamento da lingua ORTOGRAFÍA	Uso das letras B/V Uso do H Uso das letras S/X
Lingua e sociedade	Linguas da Península Ibérica. O galego e o portugués.
Funcionamento da lingua LÉXICO	Tempo cronolóxico. Tempo atmosférico
EXPRESIÓN ESCRITA	Xéneros xornalísticos: a noticia. O anuncio.
Educación literaria.	Xéneros literarios. Recursos estilísticos: onomatopea, personificación, aliteración...
Funcionamento da lingua LÉXICO	A abreviación: Abreviaturas. Siglas e acrónimos. Símbolos
PROXECTO	Anuncio radiofónico. Banda deseñada.

3.ª AVALIACIÓN

Comunicación oral	A paisaxe. Recitado de poemas.
Comunicación escrita	Creación de textos variados (receita de cociña; carta; noticia; poema; guión...)
Funcionamento da lingua GRAMÁTICA Clases de palabras	Verbos regulares. A conjugación verbal. O modo: indicativo, subxuntivo e imperativo. Tempos.
Funcionamento da lingua. ORTOGRAFÍA	A puntuación: Punto; coma; punto e coma. Textos dialogados.
Lingua e sociedade SOCIOLINGÜÍSTICA	Prexuízos lingüísticos. Normalización.
Funcionamento da lingua LÉXICO	Alimentación. Animais e plantas.
Educación literaria	Xénero lírico.
Funcionamento da lingua LÉXICO	Introdución aos conceptos de: - Conectores. - Fraseoloxía: refrás: - Tabú e eufemismo.
Repaso xeral do curso	Elementos fundamentais de cada bloque tratados ao longo do curso
PROXECTO	Programa radio, publicación xornalística ou gravación vídeo

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Conceptos e procedementos	Probas escritas e oral	60 % Dúas probas por trimestre e controis mensuais. Deste 60 % resérvase 10% a unha proba de oralidade.
	Traballos/Proxectos	30% (cartafol dixital, traballo na aula, exercicios no computador, caderno)
	Lectura	10%
	Total	100%

O alumnado poderá obter un punto sobre a media da avaliación realizando un traballo ou lectura optativa. Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma das partes. Empregarase o redondeo á centésima máis próxima, e no caso de equidistancia á superior. Ex: 5,5= 6.

Avaliarase a corrección lingüística da seguinte maneira:

-Nas probas escritas reservarase 1 punto á corrección lingüística, entendida como ortografía, coherencia, cohesión e adecuación.

-Nos traballos escritos utilizarase o instrumento de avaliación correspondente: rúbrica, escala de valoración, etc...

Se un/unha alumno/a falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, **non se recollen fóra de prazo**. No caso de detectar que un alumno/a copie nun exame retiráraselle a proba inmediatamente e poráselle un cero.

A avaliación é continua e para calcular a nota media do curso realizarase a media ponderada das avaliacións trimestrais (1ª aval. 30%, 2ª aval. 30% e 3ª aval. 40%). Despois da terceira avaliación, desde o 6 ao 22 de xuño de 2022, o alumnado que suspenda a materia fará actividades de reforzo e recuperación e mais unha proba para susperar os contidos mínimos, figurando a cualificación obtida deste proceso na **avaliación FINAL** celebrada despois do 22 de xuño. Nese período do mes, o alumnado con cualificación positiva despois da 3ª avaliación, fará distintas actividades de reforzo e ampliación coas que (mediante a entrega desas tarefas) poderá subir ata un punto a súa nota media.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Lecturas Obrigatorias (a escoller unha das propostas por trimestre):

1ª avaliación: *Palabras de caramelo*, Gonzalo Moure // *Kafka e a boneca viaxeira*, Jordi Sierra & Fabra.

2ª avaliación: *Chamádeme Simbad*, Francisco Castro // *Prohibido casar, papá*, Fina Casalderrey.

3ª avaliación: *A chamada da selva*, Jack London // *Danny, o campión do mundo*, Roald Dahl.

TIC

Proxecto E-dixgal; Aula Abalar. Cartafol dixital de traballos. Gravación da voz.

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

-Participación nas actividades do EDL... Concurso 1.º trimestre, pode subir ata 1 punto ao gañador/a.

-Encontro cun escritor/a

-Proxectos solidarios: charla de ASPANEMI sobre a recollida de tapóns solidarios.

-Participación no Proxecto de Centro: O mar.

Ao alumnado de 1º ESO non se lle permitirá o manexo de teléfonos móbiles nas aulas desta materia. Para uso pedagóxico empregarán o equipamento do programa E-dixgal.